

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SADA

Secretaría

Formalización de contrato para persoal laboral fixo coa categoría de albanel (OEP 2016)

ANUNCIO

A Alcaldía ditou o 8 de setembro de 2020 a resolución núm. 1873/2020 que a continuación se transcribe literalmente:

“Transcorrido o proceso selectivo para a provisión dunha praza de albanel (BOP núm. 138, 23-7-2019), vacante no cadro de persoal municipal e incluída na Oferta de Emprego público do Concello de Sada para o ano 2016 (BOP núm. 148, 5-8-2016) o tribunal cualificador realizou proposta a favor do aspirante que máis nota acadara no proceso selectivo, Belarmino López Comesaña.

O 3-8-2020 por resolución de alcaldía 1604/2020 noméase persoal laboral fixo ao aspirante, unha vez presentada a documentación requirida polo Concello e se lle insta a que deberá comezar a traballar o 17-8-2020.

Con data 5-8-2020 o interesado presenta escrito de renuncia á praza de albanel mencionada por “problemas estritamente persoais”; e o 12 de agosto pide que quede sen efecto a renuncia por ter emendados os ditos problemas e estar aínda dentro do prazo concedido pola administración. Entre estes dous escritos o concello solicitoulle ao segundo na listaxe que presentase a documentación.

Considerando os argumentos do informe emitido o 7-9-2020 pola Secretaría municipal, que e entre outras cuestións recolle:

“(…) No caso que nos ocupa o interesado xa fora nomeado, se ben aínda non tiña subscrito o contrato porque a data de incorporación estaba prevista para o 17 de agosto xa estaba seleccionado para ocupar a praza e renunciou e logo retirou a súa renuncia antes de chegar esa data. Polo que aplicando a doutrina referida, que é a que máis se asemella ao caso concreto, podemos concluír que ata a data en que se deba producir o efecto extintivo, o interesado tivo dereito a reconsiderar a súa decisión, e a negativa empresarial a admitir a retractación podería conlevar consecuencias para a administración. Ademais, en favor de tal tese atópase a postura adoptada pola administración, que a pesar de terse posto en contacto co segundo clasificado no proceso selectivo e este presentar a documentación para ser nomeado, nin o nomeou nin tiña aceptada a renuncia do primeiro.

A maior abundamento cabe recordar que dita conclusión é a mais acorde co principio de conservación do posto de traballo, e no caso que nos ocupa, ao ser un posto na administración, o avogar pola cobertura do mesmo polo aspirante do proceso selectivo que acadou a primeira nota, está en sintonía coa pretensión do constituínte, que no artigo 103.3 da CE contén un mandato directo ao lexislador e ás administracións públicas: o acceso á función pública de acordo cos principios de mérito e capacidade. Mandato que se cumpre coa contratación do aspirante que quedou en primeira posición

E emite as seguintes conclusións: De canto antecede e en base aos argumentos legais sinalados procede continuar coa contratación de Belarmino López Comesaña, considerando por non posta a súa renuncia á praza de albanel (BOP núm.138, 23-7-2019), vacante no cadro de persoal municipal e incluída na Oferta de Emprego público do Concello de Sada para o ano 2016 (BOP núm.148, 5-8-2016) (...)”

Consonte á base 10ª da convocatoria e ás atribucións que me confiren os artigos 21.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, **RESOLVO**:

1º.-Formalizar contrato laboral con D. Belarmino López Comesaña, co DNI núm. ** 990 98* *, na modalidade de indefinido a tempo completo, coa categoría de albanel (Grupo IV do convenio colectivo), e adscribilo a un dos postos código: 100002 da relación de postos de traballo, denominado: albanel. Deberá incorporarse ao seu posto de traballo o 14-9-2020 data na que terá efectos económicos

2º.-Establecer un período de proba de 1 mes.

3º.-Notificar esta resolución ao interesado.

4º.-Publicar esta resolución no Boletín Oficial da Provincia e dar traslado da mesma aos servizos de Intervención e Tesourería para os efectos pertinente”.

Sada, 8 de setembro de 2020

O Alcalde.:

Óscar Benito Portela Fernández

2020/6261